



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

ACTA NÚMERO 4: PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE ESPERA NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A EDUCADOR/A FAMILIAR.

No salón de plenos da casa consistorial do Concello das Pontes de García Rodríguez, as 9:15 horas do día 18/05/2026, reúnense as persoas compoñentes do Tribunal que xulga o procedemento de selección a selección de persoal funcionario interino e a constitución dunha lista de espera na categoría de técnico/a educador/a familiar

Asisten á sesión:

Presidencia:

Matilde Montserrat González Rivera, persoal laboral fixo (asimilada ao subgrupo A1)

Vogalías:

Katia Rouco Corral persoal laboral fixo (asimilado ao subgrupo A2)

José Manuel Campello Blanco, persoal laboral fixo (asimilado so subgrupo A1)

Ernesto Gancedo Herreras, persoal laboral fixo (asimilado so subgrupo A1)

Secretaría:

Lara López Ares, funcionaria de carreira (subgrupo A1)

Primeiro.- O tribunal procede a realizar o sorteo para dirimir o empate entre tres aspirantes que figuran na lista de persoas que superaron o proceso selectivo. O sorteo consiste en sacar de forma sucesiva tres papeletas identicamente dobradas que conteñen, cada unha, o nome de cada unha das aspirantes empatadas, sendo a orde na que se extraen a orde relativa que terán na lista:

- 1.- Ares Maceiras, Noelia
- 2.- Fernández-Reinante Salvatierra, M. Carmen
- 3.- Grueiro Meizoso, Aitana

Segundo.- O tribunal propón a concelleira delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, á vista do disposto nas base sétima que rexeron na convocatoria do proceso selectivo:

- 1º) Declara aprobada á aspirante Ester Bouzo López (DNI ***8719**) e propoñer o seu nomeamento como funcionaria interina na categoría de técnico/a educador/a familiar.
- 2º) Requirir á persoa aspirante proposta para ser nomeada para que presente a través da sede electrónica municipal do concello no prazo máximo de 3 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta acta no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello a documentación a que se refire a base 8.1.2) reguladora da convocatoria:
 - a) Declaración responsable de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, tal e como



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

estabelece a base 3.d). A persoa aspirante que non teña a nacionalidade española deberá presentar, ademais, declaración responsable de non atoparse inhabilitada para o exercicio de funcións públicas ou en situación equivalente e non ter sido sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

b) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da súa toma de posesión.

c) Informe ou certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais das prazas ás que se aspira.

d) Número de afiliación á seguridade social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.

e) Certificación da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

3º) Formar a seguinte lista de reserva coas persoas aspirantes que aprobaron todos os exercicios para para o seu posible nomeamento como funcionarios/as interinos en caso de renuncia antes do nomeamento ou toma de posesión ou imposibilidade de nomeamento, e para cubrir necesidades futuras na cobertura de postos ligados a prazas da mesma natureza que a convocada:

APELIDOS E NOME	DNI	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL
IGLESIAS FERNÁNDEZ, LAURA	***0088**	47	20,5	67,50
NOGUEIRA CAMBON, SONIA	***6337**	42	20,9	62,90
LOPEZ BOADO, TANIA	***9403**	49	12,9	61,90
AMARELO BELLAS, MARÍA	***2775**	44	5,265	49,27
MELLA REGUEIRO, VANESA	***0417**	49	0	49,00
LÓPEZ ÁLVAREZ, IRENE	***3798**	48	0,3	48,30
CUEVAS SEOANE, CELIA	***9054**	45	2,575	47,58
SÁNCHEZ BARRO, ANDRÉ	***8276**	46	1,5	47,50
CABALEIRO GARCÍA, ANA MARÍA	***7455**	43	2,07	45,07
AMORÓS CORRAL, MARÍA	***2813**	45	0	45,00
DOCAMPO RAMÓN, ANA	***5853**	43	1,325	44,33
PENA AMENEDO, AIDA	***3875**	43	0,425	43,43
ARES MACEIRAS, NOELIA	***3983**	42	0	42,00
FERNÁNDEZ-REINANTE SALVATIERRA, M. CARMEN	***9826**	42	0	42,00
GRUEIRO MEIZOSO, AITANA	***2676**	42	0	42,00
PAZ GONZÁLEZ, CANDELA	***4467**	39	1,75	40,75

*O empate dirímese por sorteo, de acordo coa base 7 da convocatoria.

Non habendo máis asuntos que tratar a presidenta rematou a sesión ás 9 horas e 20 minutos, estendéndose a presente acta da que eu, secretaria, dou fe.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D ·

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

O que se publica para coñecemento e efecto de todas as persoas interesadas participándolles que, contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación na sede electrónica do concello, o recurso de alzada ante o Tribunal ou ante a concellaría delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá do Concello das Pontes, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A presidenta do Tribunal

A secretaria do Tribunal